

O CAMIÑO DE SANTIAGO

O CAMIÑO NORTE A SANTIAGO

O camiño de comercio, cultura e peregrinación que conduce a Santiago de Compostela polo norte ten en Ribadeo un dos seus fitos sinalados. É a porta de entrada a Galicia, xa que as barcas que cruzaban a ría deixaban os viaxeiros no peirao de Porcillán. Desde alí o camiño atravesa o núcleo histórico de Ribadeo, cruza as parroquias de Ove, Covelas e Arante, para alcanzar o mosteiro de Lourenzá. En sucesivas xornadas, e atravesando Mondoñedo, Vilalba e Sobrado dos Monxes, empata en Melide co camiño francés de peregrinación.

O Camiño era tamén a ruta principal de acceso ó interior de Galicia e á capital, Mondoñedo. Serviu, xa que logo, como dinamizador do crecemento e desenvolvemento dos pobos e das parroquias que atravesaba.

O XARDÍN

Desde o século XIX, as crónicas dos visitantes de Ribadeo gaban os frondosos parques da vila. Un destes espazos de recreo era a Praza de España ou do Campo –no centro– e o outro o *Xardín*, que se construíu á beira da estrada de Mondoñedo. Este era un espazo arborado de grande extensión, con camiños para o paseo e bancos (*canapés*) para o descanso e o repouso. A construción da estación de ferrocarril e a ampliación da estrada minguaron considerablemente a súa extensión inicial.

CASA DO ÓPTICO

Algo retirada, á beira do camiño antigo, está a elegante vivenda de D. Pedro García, óptico de profesión. Foi levantada a principios do século XX, no chamado estilo indiano. Esta construción está rematada polo gurugú ou miradoiro que identifica as vivendas de armadores e comerciantes dos séculos XVII ó XIX e conserva no seu xardín a araucaria e a palmeira típicas dos xardíns indianos.

A EIREXA

É un pequeno casarío presidido pola sede parroquial de San Xoán de Ove. Conserva varias edificacións tradicionais, entre as que destacan dous singulares hórreos tipo Mondoñedo, voados sobre a calzada, e un terceiro con corredor. Saíndo do pobo está a antiga escola, construída co legado de D. José López Rego no século XIX; consta de dous niveis, o inferior, destinado a aula, e o superior, para a vivenda do mestre. Era un centro de educación elemental mixta.

IGREXA PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE OVE

Aínda que é de orixe medieval –se cadra houbo un mosteiro antes de 1100–, o edificio actual é do século XVII e foi reformado posteriormente. A súa fachada está presidida pola cruz da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén, que tivo en Ove un importante patrimonio. Como outras igrexas desta zona, un pórtico protexe a entrada. No seu interior conserva un retablo maior de estilo rococó, presidido por unha imaxe de San Xoán Batista, e outros menores nas naves laterais.

O VALÍN

Este é un lugar relativamente recente como dan a entender as edificacións existentes. Debeu nacer no século XIX, estirándose ó longo do antigo camiño interior para Lourenzá e Mondoñedo –hoxe Camiño de Santiago–, no lugar onde se celebraba unha feira mensual, polo menos desde finais do século XVII, cada primeiro sábado de mes. Máis alá dos campos, á dereita, un fermoso hórreo tipo Ribadeo sinala a aldea de Seixalbo.

A PASTORIZA

O Camiño de Santiago pisa as terras deste lugar, aínda que non se achega ás casas máis antigas, que se estiran ó longo do antigo camiño que leva para o sur ó Río Grande e ás terras de Vilausende e Cousela.

O Camiño proporciona panorámicas que permiten valorar os cambios recentes na paisaxe, antes parcelada con muros vexetais ou pétreos; desapareceu o antigo policultivo de predios pequenos de produción diversificada, intimamente ligada ó gando que achegaba alimento, forza de traballo e estrume, en beneficio dunha gandería moderna.

CAPELA DO CARME

Pasado o lugar da Casa da Hedra, o camiño de peregrinación entra na parroquia de San Vicente de Covelas. Esta coqueta capela –que honra á patroa das xentes do mar– dá a benvinda ó lugar de Vilela. Trátase dun edificio sinxelo, froito da devoción popular e cunha única nave presidida pola imaxe da Virxe, á que acompañan San Marcos e a Dolorosa. No adro, un ilustrativo esbozo marca as etapas do camiño no termo municipal.

VILELA

É un pobo de grande antigüidade, xa que aparece entre os pertencentes ó mosteiro de Lourenzá en 1131; a presenza dos monxes explicaría o seu temperán desenvolvemento. No século XII pasou ó patrimonio do cabido de Mondoñedo.

O seu urbanismo é o típico dos pobos atravesados por unha importante vía, con casas que se estiran por ela e polos camiños menores que conflúen. Hoxe presenta algúns magníficos exemplos da arquitectura tradicional (alpendres, hórreos), pero dista de ser o núcleo activo que no século XVIII era capaz de manter dúas tabernas abertas.

CELEIRÓS

Este enclave é un exemplo da diversidade e da xerarquización do poboamento rural; cada parroquia consta de aldeas ou pobos de certa entidade e de asentamentos menores, lugares ou barrios, que naceron a partir dos primeiros en tempos de crecemento demográfico e posta en explotación de novas terras.

É tamén un miradoiro privilexiado sobre os outeiros que enmarcan os vales, hoxe dedicados á explotación forestal; noutro tempo, nesas ladeiras había cultivos, devesas reais e montes comunais.

O VILAR

Este lugar naceu como foco de expansión a partir da vila ou aldea medieval de San Vicente. É unha pequena poboación con magníficas vistas ós vales formados polo Río Pequeno (ó leste) e o Río Grande (ó sudoeste). Este panorama permite apreciar o poboamento rural e as

súas xerarquías, así como a estrutura das explotacións agrarias antigas, compostas por vivenda, cortes para gando, eira, palleiras e outras construcións accesorias; nas proximidades hortos e, algo máis lonxe, labradíos, hoxe substituídos por cultivos de autoconsumo ou prados.

SAN VICENTE

Neste pobo, con certo aire monumental, ten a súa sede a parroquia de Covelas. As casas máis antigas seguen as formas tradicionais e alíñanse ó longo do Camiño, que ten na igrexa o seu cumio; en paralelo á actual estrada –do s. XIX– están as máis recentes, incluíndo un elegante chalé de aire indiano. Ó estruturarse á maneira dunha rúa, nas traseiras das vivendas sitúanse as palleiras e os hórreos –ás veces en posicións inverosímiles–.

Este lugar tivo unha famosa feira mensual. As vistas sobre o val de Cedofeita son magníficas e inclúen unha panorámica insólita sobre o Pazo. Detrás da igrexa está o pintoresco barrio de A Rúa.

IGREXA PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE COVELAS

É unha das máis antigas de Ribadeo, xa que se cita nos documentos de fundación do mosteiro de Lourenzá (s. X). Porén, a igrexa actual é un imponente edificio dos séculos XVII e XVIII, que resultou gravemente danado durante a invasión francesa.

O pórtico acolle a pía bautismal e no seu interior conserva varios retablos con tallas de diversos períodos, destacando unha imaxe de Santa Catarina, do s. XVI, e outra de Santa Bárbara, de estilo barroco.

A PONTE

Este lugar mítico no Camiño Norte a Santiago era un paso difícil, a miúdo infranqueable en inverno, ó quedar asolagado polos ríos Lexoso e Arante. Houbo un hospital de peregrinos, que uns documentan en tempos medievais e outros no século XVI, e unha feira mensual e dous anuais, o que dá idea da súa importancia pasada. Hoxe é coñecido por acoller unha imaxe da Nosa Sra. das Virtudes, de gran devoción na bisbarra, e polo seu templo cunha magnífica colección de pinturas murais. A intercesión da patroa foi crucial na heroica defensa ante os exércitos franceses en 1809. En memoria daquel suceso, cada ano por Pentecoste ten lugar aquí a Festa dos Pendóns.

SANTUARIO DAS VIRTUDES

As noticias máis antigas remóntano a finais do s. XIV; conserva bastantes elementos medievais, aínda que foi reformado nos séculos modernos. Na década de 1970 quedou ó descuberto un magnífico conxunto de pinturas murais que reflicten episodios da vida de María: fuxida a Exipto, visita ó templo, Asunción, Coroación, etc.

O estilo artístico data a obra na primeira metade do século XVI e pono en relación con outros traballos da época, especialmente co mestre das pinturas da catedral de Mondoñedo.

Os muros gardan tamén un singular exvoto pintado, que relata a intervención milagrosa da Virxe a favor do navío Santa Catalina, en 1595.

CIMA DE VILA

Aquí están a sede da parroquia de San Pedro de Arante e a súa igrexa; dela parte un percorrido circular que nos permite coñecer este val. O templo encóntrase no punto máis alto, xusto encima de Fondo de Vila –poboación que podemos ver acomodada máis abaixo na ladeira–. Son lugares antigos, que nacerían a partir dunha “vila” ou aldea medieval –fraccionada logo en dous barrios– que serviu como cabeza de ponte para a colonización agraria deste pequeno val.

IGREXA DE SAN PEDRO DE ARANTE

O edificio medieval desapareceu a finais do século XVIII cando se levantou boa parte do templo actual. A primeira construción era moito máis pequena e tiña un piso de terra apisoada que non desapareceu ata mediados do s. XVIII. A principios do século XX experimentou unha profunda remodelación que afectou, sobre todo, á cabeceira, que houbo de se refacer totalmente.

Desta época é o retablo maior, aínda que conserva os laterais barrocos. Da imaxinería destaca un San Roque do s. XVI e varias imaxes de estilo popular.

CEI

As casas de Cei sitúanse ó longo do camiño menor que, desde as terras de Trabada, atravesaba este val para empatar co camiño de peregrinación a Compostela nos montes da Costa de Arante. Ten unhas magníficas panorámicas sobre o val que nos permiten apreciar a fisionomía das vivendas tradicionais, a estrutura e xerarquización do poboamento, a paisaxe resultante da concentración parcelaria. Á entrada do lugar, un puñado de colmeas lémbra-nos a raizame desta tradición, pois houbo un tempo no que había máis dun cento de enxames neste val.

LUGAR DE MARADONA

O desenvolvemento recente deste lugar impide apreciar as súas humildes orixes, que están nun casar ou lugar composto unicamente por unha ou varias vivendas pertencentes a unha mesma explotación e familia. Os pormenores da sucesión desta casa ilustran o devir dun tipo concreto de familias, as dos pequenos fidalgos, aqueles que ás veces eran pouco máis que labradores acomodados. No interior ribadense, foron eles os primeiros en buscar fortuna ó outro lado do mar, servindo á Coroa ou nas profesións liberais. Ese foi o destino de Francisco Fernández de Maradona que pasou a Ultramar en 1745 e cuxos descendentes están hoxe en Cuba e Arxentina.

O BARREDAL

Este lugar encóntrase nun antigo cruzamento de camiños e conserva un interesante conxunto de arquitectura tradicional que contrasta coa ornamentación elaborada dalgunha casa construída nas primeiras décadas do século XX.

Hai bos exemplos de vivendas tradicionais, co seu forno e pozo, hórreos tipo Mondoñedo sobre celeiros; moitas das casas non foron revogadas e conservan os ocos que permitiron a ancoraxe das estadas necesarias para a construción da muro.

MONTE MONDIGO

Unha liña de montes separa a chaira costeira dos vales do interior. O máis alto deles é o Mondigo, que roza os 600m, que é usado desde sempre polos mariñeiros para se orientar. Pola vertente SO baixa o río de Noceda, que no seu tramo final baña as terras do antigo poboado madeireiro de Mondigo. Os restos desta poboación –propiedade privada– son doadamente visibles desde a estrada que remonta o curso do río; son elegantes construcións levantadas nos primeiros anos do s. XX.

NOCEDA

Entre os montes Mondigo e Comado encóntrase este pequeno lugar aspecto, sen dúbida, bucólico por estar rodeado de verdes prados e cumios quebrados. A dedicación gandeira tradicional deu lugar a modernas granxas que aproveitan esta paraxe de aire alpino. Tanto os arredores como a baixada para A Devesa son miradoiros privilexiados, con vistas de paxaro sobre a rasa e costa de Ribadeo.

BARRIO DA CAMPÁ

A capital da freguesía de Santalla da Devesa encóntrase neste bonito lugar, onde se dan cita non só a igrexa parroquial senón tamén, o seu elegante cemiterio e a capela dedicada a San Roque. Neste espazoso campo –cunhas vistas insólitas á chaira costeira– celébranse cada ano festas e romarías.

IGREXA PARROQUIAL DE SANTALLA DA DEVESA

Posiblemente este templo ten as súas orixes remotas nun mosteiro mixto e familiar que podemos documentar contra o ano 1000. A construción actual é do século XVI, con algunhas reformas posteriores. A imaxinería interior responde a esta acumulación de estilos, con retablos e tallas dos séculos XVII ó XIX.

Ó seu carón, no cemiterio, merece a pena botar unha ollada á capela, de elegantes formas que a relacionan co “art decó” internacional e co cosmopolitismo da arquitectura indiana.

CAPELA DE SAN ROQUE

Encóntrase nas proximidades da igrexa parroquial e foi noutro tempo lugar de concorridas romarías. É un edificio sinxelo, de cachotería revestida, que remata nunha esvelta espadaña.